Programación adaptada ao 3º trimestre do curso 2019-2020

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO: Panadaría, repostaría e confeitaría

Módulo: Operacións e control de almacén na industria alimentaria

Índice

1. **Identificación da programación** 2
2. **Criterios de cualificación e mínimos exixibles** 2
3. **Procedemento para a recuperación das partes non superadas** 2
   3.1 Actividades de recuperación 2
   3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD) 2
4. **Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado** 2
5. **Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo** 3

1. Identificación da programación

Centro educativo						
Código	Centro			Concello		Ano académico
15016000	CIFP Compostela			Santiago de Compostela		2019/2020
Ciclo formativo	CM Panadaría, repostaría e confeitaría					
Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo		Grao	Réxime
INA	Industrias Alimentarias	CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría		CF grao Medio	Réxime xeral ordinario
Código MP/UF	Nome		Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0030	Operacións e Control de Almacén na Industria Alimentaria		2019/20	3.0	80	80
Profesorado asignado ao módulo	Juan Acevedo Prado					

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo son os que se detallan no apartado 4.c da programación, acadando así a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Asemade dado que se trata de ensinanzas presenciais o alumno/a deberá asistir regularmente as actividades programadas, consirandose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011(DOG nº136/2011 do 15 de xullo)

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

Son os que se describen a continuación:

RA1 - Aprovisiona o almacén e a liña de produción, tras identificar as necesidades e as existencias.

CA1.1 - Defiríronse os tipos de existencias e as súas variables.

CA1.4 - Caracterizáronse os medios de transporte interno.

CA1.5 - Determináronse as necesidades de subministración de xéneros, e indicáronse as cantidades.

CA1.6 - Identificáronse as condicións de seguridade asociadas ao aprovisionamento.

CA1.7 - Valorouse a relevancia do control de almacén no proceso produtivo.

RA2 - Recibe as materias primas e auxiliares, e describe a documentación asociada e os requisitos de transporte.

CA2.1 - Identificouse a documentación que debe ir coas mercadorías.

CA2.2 - Determináronse os métodos de apreciación, medida e cálculo de cantidades.

CA2.3 - Describíronse os sistemas de protección das mercadorías.

CA2.4 - Identificáronse as alteracións que poden sufrir as mercadorías no transporte.

CA2.5 - Caracterizáronse os medios de transporte externo.

CA2.6 - Determinouse a composición do lote na recepción das mercadorías.

RA3 - Almacena as mercadorías con técnicas e procedementos seleccionados en función das súas características.

CA3.1 - Describíronse e aplicáronse os criterios de clasificación de mercadorías.

CA3.2 - Interpretáronse os sistemas de codificación.

CA3.3 - Identificáronse os sistemas de almacenamento.

CA3.4 - Describíronse as características dos equipamentos de carga, descarga, transporte e manipulación interna.

CA3.5 - Xustificouse a localización das mercadorías no almacén.

CA3.6 - Identificáronse as condicións de operatividade do almacén (orde, limpeza, temperatura, humidade, etc.).

CA3.7 - Determináronse as normas de seguridade do almacén.

RA4 - Expide os produtos e xustifica as condicións de transporte e conservación.

CA4.1 - Formalizouse a documentación relacionada coa expedición.

CA4.2 - Rexistrouse a saída de existencias e actualizouse o rexistro.

CA4.3 - Seleccionáronse as condicións axeitadas para os produtos que se vaian expedir.

CA4.4 - Determinouse a composición dos lotes e a súa protección.

CA4.5 - Mantívose a orde e a limpeza na zona de expedición.

CA4.6 - Identificáronse as características dos medios de transporte para garantir a calidade e a seguridade alimentaria.

UD.- 7, UD.- 8 e UD.- 9

Non foron desenvolvidas ate o 13 de marzo de 2020, polo que non serán tidas en conta para a avaliación do módulo, no presente curso 2019-2020.

Os criterios de cualificación son os que se detallan a continuación:

- Actitude e comportamento: 10%

O alumnado, partirá de un punto (10%) na nota en este apartado.

A falta de atención, apatía, desinterese e/ou entorpecemento no desenvolvemento da clase fará que reste 0,2 puntos na nota neste apartado.

A utilización do teléfono móbil na aula, sen previa autorización, fará que reste 0,2 puntos na nota do apartado.

Cada chamada á orde fará que reste 0,2 puntos na nota neste apartado.

A incorporación á clase de máis de 10 minutos despois de tocar o timbre, fará que reste 0,2 puntos na nota neste apartado.

- Probas escritas e/ou orais: 70%

Estas probas poderán incluir preguntas de desenvolvemento, preguntas curtas ou de tipo test.

O total da puntuación asignada a este apartado dividirase entre o número de exames e probas propostos en cada avaliación trimestral.

- Traballos, proxectos e supostos prácticos: 20%

Estes traballos, serán propostos polo profesor en cada trimestre.

A nota en este apartado, dividirase entre o número de traballos propostos en cada avaliación trimestral.

No caso de que en algunha avaliación non se propoñan traballos, a porcentaxe de este apartado, incluiráse no apartado anterior.

Cálculo da nota final da avaliación:

- Para a superación positiva do módulo o alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10.

- A nota final da avaliación será a suma dos apartados anteriores, tendo en conta á hora do redondeo a influencia positiva dos contidos actitudinais, así como as anotacións feitas no caderno do profesor.

- Si un alumno non supera dita avaliación terá que facer un exame final que consistirá en amosar destrezas, capacidades e coñecementos que inclúan todos os contidos mínimos expresados na programación didáctica do módulo.

- No mes de Xuño realizaranse as actividades de recuperación para os alumnos que non superan o módulo no período ordinario.

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Para a recuperación das partes non superadas polo alumnado, revisada a presente programación e comprobados os RA e CA non superados polo alumnado, e unha vez emitidos os resultados da segunda avaliación ordinaria do presente curso académico 2019-2020, fíxanse as actividades de recuperación e probas correspondentes para cada alumno/a da 3ª avaliación.

3.1 Actividades de recuperación

As actividades de recuperación do alumnado pendente dunha avaliación positiva na 2ª avaliación, realizaranse con apoio da comunicación co alumnado mediante correo electrónico e outros medios, tal e como se ven realizando ao longo do presente curso 2019-2020 con este grupo de alumnado e módulo e consistirán en:

- Na realización de unha actividade relacionada cos almacéns, tipos, características e sistemas de almacenaxe.
- Na realización de unha actividade relacionada coa recepción de mercadorías.

O peso porcentual das dúas actividades será do 50% para o cálculo da nota final.

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Realizar unha actividade e suposto práctico, relacionados con:

- Os almacéns, tipos e características
- O aprovisionamento dos almacéns
- A recepción de mercadorías
- Almacenamento e sistemas de almacenaxe

Cada actividade terá un peso porcentual do 25% na nota final

Recordar que o alumnado que perda o dereito a avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar una proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulos correspondente. Resolución do 30 de xullo de 2013.

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado

As medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos, consistirán na resolución de dúbidas a través do correo electrónico e mediante outros dispositivos a disposición do alumnado.

Así mesmo os alumnos que acadaron avaliación positiva na 2ª avaliación, podrán facer traballos de ampliación de coñecementos para subir nota de maneira voluntaria.

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo

Tal e como se establece na lexislación vixente ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: Ao

comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizou unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que tivo por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, serviu para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo elaborouse durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementou cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

O equipo docente, considerou prestar especial atención a algúns alumnos con TDAH. O que se está facendo a través do correo electrónico e outros dispositivos

Santiago de Compostela, 10 de Maio de 2020

Asdo: Juan Acevedo Prado

CIFP COMPOSTELA
TLF 881 866 570 FAX 881 866 586
http://www.cifpcompostela.edu.es
cifp.compostela@edu.xunta.es

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Cofinanciado por el
programa Erasmus +
de la Unión Europea